



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE AGOSTO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e nove de agosto de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ (que se ausenta do salón de sesións a solicitude da Sra. Presidenta no momento que se expresa nesta acta)
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN (que se ausenta do salón de sesións a solicitude da Sra. Presidenta no momento que se expresa nesta acta)
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Sonia Machín Herranz, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de agosto de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202408290900130000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2025

Acceso á videoacta – 00:00:45 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 12 de agosto de 2024 (CVD: zqpHRKqJCSNQ7J04M0Fu), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 22 de agosto de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 202400200001113 o día 16 de xullo de 2024, procedente do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se solicita que antes do día 1 de setembro de 2024 se remita a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable do Concello de Cambre para o vindeiro ano 2025.

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Establecer como festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2025 o día 4 de marzo (martes de Entroido) e o día 16 de agosto.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na Coruña, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura da proposta.

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 12 de agosto de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceró Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 12 de agosto de 2024 (CVD: zqpHRKqJCSNQ7J04M0Fu).

1.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 2b/2024

Acceso á videoacta – 00:16:18 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos e Transportes de data 20 de agosto de 2024 (CVD: LUrM3uXH09KiebDQa+81), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes, Medio Ambiente, Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, na sesión ordinaria de data 22 de agosto de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLERÍA-DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, TRANSPORTES E MEDIO AMBIENTE

O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo á segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases foron publicadas no BOP número 108 do 5 de xuño de 2024.

Segundo a Circular remitida pola Diputación Provincial da Coruña o día 3 de xuño de 2024, o Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ Adicional 2/2024 dun total de 1.169.029,59€, correspondendo 790.285,41€ a investimentos financeiramente sostíbeis e 378.744,18€ a gasto corrente ou a investimentos financeiramente sostíbeis.

Con data 28 de xuño de 2024 o Concello de Cambre presentou ante a Deputación Provincial da Coruña a resolución mediante a que o Concello participa no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2024” incluíndo na primeira fase as obras propostas no POS+ Complementario 2024, que son as seguintes:

Investimentos financeiramente sostíbeis xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	124.709,04€	0,00€	0,00€	0,00€	124.709,04€

Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	94.513,57€	0,00€	0,00€	0,00€	94.513,57€
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda de A Casilla ata o cuce AC-214 con DP-1706	145.499,32€	0,00€	0,00€	0,00€	145.499,32€
Obras de oportunidade na senda de A Casilla, AC-214, pks 7+145-8+045	54.629,09€	0,00€	0,00€	0,00€	54.629,09€
Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	47.120,44€	0,00€	0,00€	0,00€	47.120,44€
				TOTAL	466.471,46 €

Polo tanto, do total do POS+ Adicional 2/2024, restan (1.169.029,59€-466.471,46€) un total de 702.558,13€ que se destinarán a investimentos financeiramente sostibles dentro da 2ª Fase do Pos+ Adicional 2/2024.

Tendo en conta o anterior, a proposta presentada para a 2ª fase do POS+Adicional 2/2024, inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar practicamente totalidade do importe correspondente á 2ª Fase do POS+ Adicional 2b/2024 702.558,13€ aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA MAZÁ M-3 DE A BARCALA (EXCEPTO ZONA 1.1)	269.214,59€
ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)	433.193,24€
TOTAL	702.407,83€

O importe total solicitado na 2ª Fase do POS+ ADICIONAL 2/2024 ascende a 702.407,83€.

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Co proxecto denominado "proxecto técnico para pavimentación de beirarrúas da mazá M-3 de A Barcala (excepto zona 1.1) preténdese a execución das seguintes obras:

- Recheo de zona impermeabilizada das beirarrúas en esquinas c/Río Mero e c/Río Miño coa rúa Río Mandeo, e rúa Río Mandeo, da mazá M-3.
- Execución de base de pavimento con soleira de formigón armado.
- Revestimentos de beirarrúas, rampas e escaleiras con losetas de formigón e en formigón visto.
- Instalación de equipamento urbano (alcorques, vexetación, bancos, papeleiras, ...).
- Axuste en altura de arquetas existentes para adaptalas aos novos niveis.
- Execución de instalacións de recollida de pluviais (rígolas, sumideiros, etc.).
- Substitución de barandas por outras que de adapten ao CTE-DB SUA e ás normativas de accesibilidade.

Nesta segunda fase plantéxase realizar o revestimento final das zonas afectas. Realizarase o revestimento final, e preparación da base deste, das beirarrúas en rúa Río Mero, Río Miño e Río Mandeo así como o revestimento en Zona 1.2 e Zona 7 da Praza Amador e Daniel e en Zona 4 a rúa peonil, segundo plano de emprazamento do proxecto, tras realizar obras de impermeabilización e arranxar as humidades e filtracións provocadas no soto 1. Tamén se realizarán instalacións de recollida de pluviais (rígolas, sumideiros, ...) na Zona 1 e 7, dispoñéndose sumidoiros lonxitudinais no arranque inferior de escaleiras e rampas. O apartado de impermeabilización, realizouse na primeira fase.

As obras proxéctanse nas beirarrúas colindantes cos edificios das rúas Río Miño-Río Mero-Río Mandeo da mazá M-3, e na praza Amador e Daniel segundo planos de situación de emprazamento do proxecto, no lugar de A Barcala, municipio de Cambre.

Non se varían superficies existentes. Non se afecta á cimentación do edificio. Non se varían as instalacións existentes.

Por outra banda, a elección do proxecto denominado "Ordenación e mellora da accesibilidade da Praza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)", pretende actuar no espazo público entorno á Praza Casares Quiroga, onde actualmente non se dispón dun itinerario peonil accesible en cumprimento da Orden TMA/851/2021, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados e cuxa rede de pluviais e evacuación é deficiente. A continuación, detállanse as solucións adoptadas:

Reordenación urbana:

- Demolición por medios mecánicos das beirarrúas existentes.
- Execución dun novo pavimento de formigón, para repoñer a beirarrúa existente:
 - o Praza:
 - 12 cm de pavimento contino de formigón raiado.
 - 30 cm de zorra natural granítica.
 - o Zona reposición de baldosas de pedra existentes na praza:
 - Baldosas de granito de 60x40x4 cm.
 - 2 cm de mortero de cemento M-10.
 - o Gradas da Praza:
 - Peldaño de formigón visto, prefabricado e revestimento pétreo.
 - o Rampas:
 - 12 cm de pavimento contino de formigón lavado.
 - 30 cm de zorra natural granítica.
 - o Zonas perimetrais a edificios:
 - 20 cm de pavimento de canto rodado.
 - 20 cm de grava solta.
 - o Accesos dende as beirarrúas perimetrais á praza:
 - Pavimento de adoquines de formigón.
 - 15 cm de zorra natural.
- Colocación de bordo prefabricado de formigón tipo C5 na zona de delimitación do pavimento de canto rodado e grava solta.
- Colocación de bordo de granito para separación de zonas verdes de• dimensións 25 cm x 15 cm.

Drenaxe:

- Colocación de tubaxe ranurada baixo o pavimento de canto rodado e grava solta.
- Colocación de rexilla U100.30R de Ulma ou equivalente para recollida de pluviais da praza.
- Arqueta sumidoiro de dimensións interiores 50x30 cm.

- Conexión de rexilla e arquetas a rede existente mediante tubaxe de PVC• corrugado DN400 mm de dobre parede SN-8.

Redes de servizos:

- Levantamento e reposición de báculos de luminaria de alumado público e colocación das arquetas e canalización de alumado necesario, na zona de beirarrúas.
- As arquetas de rexistro terán unhas dimensións de 60x60 cm e a canalización proxéctase mediante tubaxe de polietileno de dobre parede (interior liso e exterior corrugado), de diámetro 90 mm con resistencia á compresión 450 N, para uso eléctrico.
- Execución da rede de rego e conexión á rede de abastecemento existente.

Polo tanto, a solución elexida vai dotar á zona dunha mellora da accesibilidade, mellorando notablemente o aspecto e funcionalidade de todo o espazo urbano da Praza Casares Quiroga en A Barcala (Cambre).

Tendo en conta todos estes razoamentos e logo de ver os informes urbanísticos emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, no expediente da obra “Pavimentación de beirarrúas da mazá M-3 de A Barcala (excepto zona 1.1)” con data 26 de xullo de 2024 (CVD: B7WD5kkRF9aMaa0v+Ng), e no expediente da obra “Ordenación e mellora da accesibilidade da Praza Casares Quiroga, A Barcala (Cambre)” con data 26 de xullo de 2024 (CVD: gjPFI7vDA8EktQ69Mrkf).

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.2.2 das bases reguladoras do Plan, débense solicitar todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos. No caso das dúas obras que traen causa, non precisan autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), por estar incluídas na relación, publicada na súa páxina web, de obras consideradas pola propia AESA como menores que non precisan a citada autorización, consonte o artigo 34.1 do Real Decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, todo elo a tenor do disposto nos informes emitidos polo técnico de administración xeral en funcións do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior por ausencia do titular de data 29 de xullo de 2024 (CVD: ulmExU+TNQPqHCuXD9Z6 e SyKzLKNT7y1tmgKIRPs1).

En base ó anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2b/2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	0,00€

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024:

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamentodosinvestimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.augapotabl e)		
PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS DA	269.214,59€	0,00€	0,00€	0,00€	269.214,59€

MAZÁ M-3 DE A BARCALA (EXCEPTO ZONA 1.1)					
ORDENACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA PRAZA CASARES QUIROGA, A BARCALA (CAMBRE)	433.193,24€	0,00€	0,00€	0,00€	433.193,24€
TOTAL	702.407,83€	0,00€	0,00€	0,00€	702.407,83€

Aprobar os proxectos das obras que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Financiamentodosinvestimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.augapotable)	Total concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	0,00€				0,00€
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	702.407,83€	0,00€	0,00€	0,00€	702.407,83€
TOTAL	702.407,83€	0,00€	0,00€	0,00€	702.407,83€

2.- Declarar que o concello comprométese a ter a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se compromete a obter todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao Concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 20 de agosto de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente de data 20 de agosto de 2024 (CVD: LUrM3uXH09KiebDQa+81), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

Faise constar que cando son as once horas e vinte e oito minutos á Sra. secretaria solicita o uso da palabra e, unha vez concedido pola Sra. alcaldesa, explica que en relación co punto primeiro, o dos festivos, de acordo coa votación, a proposta formulada non se aprobou; que a proposta era o día de Entroido e o 16 de agosto, e que de acordo coa comunicación remitida pola Xunta de Galicia sobre o calendario laboral, nela advírtese que para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2024, é dicir, que se non se remite unha proposta antes do 1 de setembro eles entenden que se manteñen as deste ano, que serían o 16 de agosto e o martes de Entroido; que, polo tanto, cómpre que antes de que remate o prazo concedido o Concello adopte un acordo respecto dos días que propón.

Intervén o Sr. Carballada Rodríguez.

1.3. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:31:42 horas

A continuación intervén a Sra. Presidenta e manifesta que entende, entón, que se vai presentar unha moción urxente e de forma oral, e concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, quen manifesta que o Bloque Nacionalista Galego ten defendido historicamente, e polo tanto para sorpresa de absolutamente ninguén, como se pode reflectir nas actas da votación do ano pasado, a necesidade de declarar festivo o 24 de xuño como día feriado local por aterse mellor aos intereses do conxunto da veciñanza de Cambre.

Di que é unha postura que, como dixo, non sorprende absolutamente a ninguén e que veñen defendendo de maneira permanente, posicionándose en consecuencia nos organismos colexiados do Concello de Cambre, e que así votaron nas comisións informativas previas a este pleno contrariamente á proposta do Goberno municipal, porque están en contra de que se declare o 16 de agosto.



Continúa dicindo que ese é tamén o sentir maioritario deste Pleno, que este Pleno manifestou maioritariamente que non estaba de acordo coa declaración do festivo no día 16 de agosto; di que non por ter absolutamente nada contra esa festividade, que ten un determinado arraigo no Concello de Cambre, pero porque di que consideran máis acaído e consideran máis útil aos intereses do conxunto da veciñanza, declarar festivo o día 24 de xuño.

Di que é por iso que en atención á votación que se realizou no punto número 1 do pleno deste xoves 29 de agosto, traen esta moción, con carácter oral e urxente, para que o Pleno de Cambre apoie a declaración de festivos para o ano 2025, o 4 de marzo, martes de Entroido, e o 24 de xuño, festividade de San Xoan.

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade.

De seguido, a Sra. secretaria xeral solicita o uso da palabra e, unha vez concedida pola Presidencia, manifesta que, por razóns de seguridade xurídica, como a moción é verbal, e para aclarar, a proposta formulada polo voceiro do BNG é:

“Establecer como festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2025 o día 4 de marzo (martes de Entroido) e o día 24 de xuño (San Xoan).”

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG presentada oralmente, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Unha (1), da Sra.: Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do BNG e adoptado o seguinte acordo:

Establecer como festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2025 o día 4 de marzo (martes de Entroido) e o día 24 de xuño (San Xoan).

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:36:23 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS



Acceso á videoacta – 00:36:25 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:36:33 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 897/2024, do 29 de xullo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva da Xunta de Goberno Local convocada para o martes, día 30 de xullo, ás 9:00 horas, no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós.

Segundo.- Notificar esta resolución ao interesado e aos voceiros dos grupos políticos da corporación, publicar no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 938/2024, do 2 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo de a prol do terceiro tenente de alcaldesa, don Ramón Boga Moscoso, dende o día 5 ao 14 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 950/2024, do 5 de agosto, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro.- Delegar a presidencia efectiva da Xunta de Goberno Local convocada para o martes, día 6 de agosto de 2024, ás 9:00 horas, no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós.

Segundo.- Notificar esta resolución ao interesado e aos voceiros dos grupos políticos da corporación, publicar no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.”

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:37:25 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 98 resolucións numeradas da 887 á 984 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
887/2024	26-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de xullo de 2024

888/2024	26-07-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 31 de xullo de 2024
889/2024	26-07-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 24.08.2023, segundo o artigo 8 da ordenanza destinada ao pagamento dunha limpeza e desinfección da súa vivenda por importe de 6631,75 euros. Solicitante: FJRF
890/2024	26-07-2024	Ampliar ata doce meses máis o prazo de dous anos de duración da interinidade da traballadora social IRF para a execución do programa de carácter temporal e de duración determinada consistente na "Investigación social para a actualización dos protocolos e ferramentas para a intervención social nos servizos sociais comunitarios de Cambre"
891/2024	26-07-2024	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 69.139,13 euros
892/2024	29-07-2024	Aprobar a nómina mensual e de produtividade do mes de xullo do 2024 cun total de retribucións brutas 408.496,30 euros
893/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a APFC, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
894/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a NGC, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
895/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LCD por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
896/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JJBS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
897/2024	29-07-2024	Delegación da presidencia efectiva da Xunta de Goberno Local do martes día 30 de xullo, ás 09:00 horas no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
898/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a CJBA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
899/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MJIM, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
900/2024	29-07-2024	Suspender a utilización dos elementos e instalacións existentes no local sito na rúa Tapia, O Temple por canto que non figuran no proxecto ao que se lle concedeu licenza de actividade mediante resolución do concelleiro delegado da

		área de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior de data 10 de outubro de 2005, sen que foran legalizados dentro do prazo concedido ao efecto
901/2024	29-07-2024	Denegar a ampliación do prazo concedido a MCBR para a presentación da documentación requirida, xa que non é posible ampliar un prazo tendo este expirado. Suspende a actividade do local sito na rúa Emilia Pardo Bazán, O Temple, por canto que téndose constatado que o local non se axusta á documentación técnica que consta no expediente de concesión de licenza municipal de actividade, a titular non emendou as deficiencias detectadas dentro do prazo concedido ao efecto
902/2024	29-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LMME por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
903/2024	30-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JCCB, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
904/2024	30-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AdeG, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
905/2024	30-07-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
906/2024	30-07-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 7/2024 por importe de 120.509,51 euros
907/2024	30-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a LFDelaF, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
908/2024	30-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JCA, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
909/2024	31-07-2024	Nomear a VESO administrativa interina, encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C1, por exceso ou acumulación de tarefas para reforzar o servizo de axuda no fogar do departamento de Servizos Sociais ata o 31/12/2024
910/2024	31-07-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes xuño de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento
911/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a CPS no domicilio, por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e

		demarcación territorial das entidades locais
912/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS SLU por resolución núm. 722/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o segundo acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
913/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por resolución núm. 718/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o primeiro acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
914/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por resolución núm. 721/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o terceiro acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
915/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por resolución núm. 719/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023 para o primeiro acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
916/2024	31-07-2024	Denegar a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 19 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á estación base de telecomunicacións sita na parroquia de Anceis toda vez que na citada parcela non existe licenza nin título habilitante ningún para o establecemento dunha instalación nin para o exercicio dunha actividade, de xeito que non resulta xuridicamente viable a concesión dunha licenza municipal para o tendido dunha liña eléctrica subterránea de baixa tensión sen a existencia dun uso autorizado que a xustifique. Solicitante: UFGD, DE, S.A.
917/2024	31-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 93 metros lineais para o tendido de tres liñas subterráneas de baixa tensión co fin de modificar as instalacións da subministración de enerxía eléctrica na parroquia de Sigrás. Solicitante: UFD DE, SA
918/2024	31-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 28 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión na parroquia de Cambre, destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á edificación sita no lugar da Barcala. Solicitante: UFD DE, SA
919/2024	31-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 51 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na parroquia de Cambre (. Solicitante: UFD DE, S.A.
920/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por resolución núm. 720/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o segundo acceso a través da rúa Isaac Peral á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
921/2024	31-07-2024	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ao almacén de vinos situado na rúa Graduil, parroquia de Cambre. Solicitante: D, SL
922/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por

		resolución núm. 724/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o acceso a través da rúa Nobel á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
923/2024	31-07-2024	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida a VDS, SLU por resolución núm. 723/2023 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de abril de 2023, para o terceiro acceso a través da rúa Marconi á nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie situada entre as rúas Isaac Peral, Marconi e Nobel do Polígono Industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre, a prol de SCI LF SUL
924/2024	31-07-2024	Declarar a renuncia de D, SL á licenza de vao laboral concedida por resolución núm. 631 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 3 de maio de 2021 para o acceso ao local situado na estrada Cambre-Temple, parroquia do Temple, con efectos a partir do 30 de xuño de 2024
925/2024	31-07-2024	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao aparcadoiro e almacén de empresa de construción de maquinaria de elevación situado na estrada Cambre-Temple, parroquia de Cambre. Solicitante: IS, SL
926/2024	31-07-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 10 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita na parroquia de Brexo. Solicitante: JMTA
927/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a MISP, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
928/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a NCC por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
929/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a DCR por non residir no citado domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais.
930/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a PARG por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
931/2024	31-07-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a FJVF por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
932/2024	01-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JJBO por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio,

		incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
933/2024	01-08-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 118 m ² de vía pública na rúa Tapia, parroquia do Temple, dende o 3 de xullo ata o 3 de setembro de 2024, con motivo das obras de instalación dun sistema de illamento térmico polo exterior da fachada e impermeabilización das terrazas do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, Tapia. Solicitante: R, SL
934/2024	01-08-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 67 m ² de vía pública cun andamio, contenedor e zona de acopio no edificio sito na Praza da Ría, parroquia de O Temple, dende o 1 de xuño ata o 1 de agosto de 2024, con motivo das obras de rehabilitación das fachadas do edificio sito na Praza da Ría, parroquia do Temple. Solicitante: R, SL
935/2024	01-08-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
936/2024	01-08-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 48 m ² de vía pública na rúa Constitución, parroquia do Temple, dende o 8 de xullo ata o 8 de setembro de 2024, con motivo das obras reparación, illamento e revestimento da fachada posterior do edificio sito na rúa Constitución, parroquia do Temple. Solicitante: R, SL
937/2024	01-08-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 49 m ² de vía pública cun andamio e valado de obra na rúa Constitución, parroquia do Temple, dende o 12 de agosto ata o 12 de novembro de 2024, con motivo das obras de instalación dun sistema de illamento térmico exterior na fachada posterior do edificio sito na rúa Constitución, parroquia do Temple. Solicitante: R, SL
938/2024	02-08-2024	Avocación de competencias do terceiro tenente de alcaldesa don Ramón Boga Moscoso do 5 ao 14 de agosto de 2024
939/2024	02-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a DMS, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
940/2024	02-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 6 de agosto de 2024
941/2024	02-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a IHJ, DSJ e ASH, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
942/2024	02-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JCGG, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
943/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en 6 mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 cunha ampliación de 3 mesas durante os meses de xuño, xullo e agosto fronte ao café cantante situado no Paseo dos Templarios, parroquia Temple, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do establecemento, sen sobrepasar a fronte do local e na propia praza deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e deixando libre o acceso ás escaleiras existentes. Solicitante: KGGS
944/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en cinco mesas

		con catro cadeiras cada unha durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2024 fronte ao café-bar situado na rúa Pígara, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale sen exceder a fronte do local, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e permitindo o libre acceso aos portais e locais lindeiros. Solicitante: MLF
945/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en oito mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2024 cunha ampliación de catro mesas con catro cadeiras durante os meses de xuño, xullo e agosto fronte ao local situado na rúa Estanque, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale na fachada lateral do edificio, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé ou persoas con mobilidade reducida. Solicitante: RT, SL
946/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas con tres cadeiras e unha mesa pequena con dous taburetes durante o segundo semestre do ano 2024 fronte ao café-bar situado na rúa Temple, O Temple, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do edificio, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: JSDV
947/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en tres mesas con catro cadeiras cada unha de xuño a decembro do ano 2024 fronte ao local situado na rúa Río Brexa, parroquia de Cambre, condicionado a que a terraza se instale sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e para o acceso ao portal. Solicitante: NSCC
948/2024	02-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dez mesas con catro cadeiras cada unha de xuño a decembro de 2024 fronte á cafetería situada no Paseo dos Templarios, parroquia do Temple, condicionado a que dúas mesas se instalen adosadas ao establecemento sen exceder a fronte do local, deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida e a que as outras oito mesas se instalen na zona do Paseo Marítimo, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: BSH, SL
949/2024	02-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a ACL, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
950/2024	05-08-2024	Delegación presidencia efectiva Xunta Goberno Local 6 de agosto de 2024 no primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós
951/2024	05-08-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas con catro cadeiras e unha mesa con dúas cadeiras durante o ano 2024 cunha ampliación dunha mesa máis durante o verán fronte ao local situado na Travesía de Igrexa, parroquia do Temple, Cambre, condicionado a que a terraza se instale adosada á fachada do edificio, sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: JJPA
952/2024	05-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a IMF, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación

		territorial das entidades locais
953/2024	05-08-2024	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía as persoas que de seguido se relacionan: DGG, APB, FNG, VGGB, por non residir no domicilio, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
954/2024	06-08-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe referencia LMR CONTRATO ROCK IN CAMBRE. FASE D /2024, asinado o día 05.08.2024 e continuar coa tramitación do expediente
955/2024	06-08-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 6 de agosto de 2024
956/2024	07-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención LMR – providencia- facturas de data 11 de xullo de 2024, tendo en conta os informe emitidos pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local con data 17.07.2024, informes emitidos polo administrador do sistema informático con data 18.07.2024, informe emitido pola xefa da unidade de Réxime Interior con data 19.07.2024 e emitidos pola coordinadora de Servizos sociais con data 22.07.2024. Aprobar as facturas por un importe total de 11.993,00 euros
957/2024	08-08-2024	Cesar con data 09 de agosto de 2024 ao funcionario interino ÓPM polo transcurso do prazo máximo de duración do programa de carácter temporal e duración determinada de tres anos cunha prórroga de 12 meses, de conformidade cos artigos 23.2 c) e 24.3.c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
958/2024	08-08-2024	Cesar como persoal eventual a MVG no posto de asesora de Patrimonio. Nomear como persoal eventual a MVG no posto de asesora de Deportes, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
959/2024	08-08-2024	Nomear como persoal eventual a VML para o desempeño do posto de traballo de asesor de Medio Ambiente e Mobilidade, cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
960/2024	09-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 13 de agosto de 2024, ás 9.00 horas
961/2024	13-08-2024	Desistencia de LMLP da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 21/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
962/2024	13-08-2024	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2023. tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 114 recibos e 20 cotas cero dun total de 134 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>trece mil douscentos quince euros e vinte e catro céntimos</i> (13.215,24 euros) desde ALJ a VVC
963/2024	13-08-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 114 recibos e 21 cotas cero dun total de 134 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>trece mil catrocentos catorce euros e trinta e nove céntimos</i> (13.414,39 euros) desde ALJ a VVC

964/2024	14-08-2024	Avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar a contratación das "Actuacións necesarias para a montaxe do evento Open Science Cambre no ano 2024" (expediente TEDeC núm. 2024/C005/000009), e aprobación do expediente de contratación por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adxudicación de apreciación automática, factor prezo), cun valor estimado de 86.993,94 euros e un orzamento base de licitación de 94.685,29 euros (ive incluído), 79.085,40 euros (sen ive), dividíndose o obxecto do contrato en 9 lotes
965/2024	14-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de agosto de 2024
966/2024	14-08-2024	Comparecer no procedemento nº PA 0000176/2024, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, exercitando o concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial. - Recurso interposto por JRFP contra a desestimación tácita da solicitude de abono de gratificacións extraordinarias
967/2024	14-08-2024	Comparecer no procedemento nº PA 0000174/2024, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, exercitando o concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial. - Recurso interposto por JMBA contra a desestimación tácita da solicitude de abono de gratificacións extraordinarias
968/2024	14-08-2024	Comparecer no procedemento nº PA 0000175/2024, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, exercitando o concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial. - Recurso interposto por MACE contra a desestimación tácita da solicitude de abono de gratificacións extraordinarias
969/2024	14-08-2024	Nomeamento como técnicas de integración social interinas, encadradas na escala de Administración especial, subescala técnica, escala técnicos auxiliares, pertencente ao grupo de clasificación profesional "B" e adscritas á Área de Servizos Sociais, a MLL para o desenvolvemento do programa Prisma dirixido ás familias en risco de exclusión social e a CSS para o desenvolvemento do programa Amarí dirixido á inclusión social da poboación xitana, cunha duración ambos programas ata o 30 de abril do 2025
970/2024	14-08-2024	Cesar con data 14 de agosto de 2024 á educadora social interina VEPC pola reincorporación do titular do posto a quen substituíra, RPM
971/2024	19-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 22 de agosto de 2024
972/2024	20-08-2024	Aprobación, con efectos do 1 de xullo de 2024, da relación de solicitudes admitidas dos participantes na 1ª quenda, do 1 ao 12 de xullo de 2024, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2024"
973/2024	20-08-2024	Aprobación da liquidación das retencións do IRPF practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xullo de 2024 por importe de 59.918,96 euros. Aprobación da proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento no concepto non orzamentario "20001 I.R.P.F. RETENCIÓN DE TRABALLO PERSOAL"
974/2024	20-08-2024	Concesión, a partir da facturación correspondente ao segundo trimestre do ano 2024, a NVC, da bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarles a tarifa 1.B do Epígrafe 1. Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15
975/2024	20-08-2024	Recoñecemento de obrigas correspondente a factura, con reparo non suspensivo da intervención municipal, por importe total de 18.750,00 euros
976/2024	20-08-2024	Levantamento dos reparos formulados pola intervención municipal no informe de

		intervención LMR providencia- facturas TEDEC 2024/T003/002497 de data 11.07.2024, tendo en conta o informe da coordinadora de Servizos sociais de data 22.07.2024, e aprobación de facturas por importe de 169.753,85 euros
977/2024	21-08-2024	Aprobación, con efectos do 1 de agosto de 2024, da relación de solicitudes admitidas dos participantes na 3ª quenda, do 1 ao 14 de agosto de 2024, do programa de actividades "Campamento urbano de verán 2024"
978/2024	23-08-2024	Concesión a funcionaria de carreira deste Concello dun anticipo de dúas mensualidades do seu haber líquido, como así se establece no artigo 36.6 do Acordo Regulador, a devolver en catorce mensualidades, de acordo coa súa solicitude, e a descontar a partir do mes de setembro de 2024.
979/2024	23-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal, no informe de fiscalización LMR- REPARO SUSPENSIVO - ANPA A CURUXA DO CEIP PORTOFARO. FASE O. CURSO ESCOLAR 2022/2023, de data 06.08.2024 Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, do cumprimento do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, segundo o establecido no apartado 6.1) da Cláusula primeira do Convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de dezaseis mil catrocentos sesenta euros con cincuenta e tres céntimos (16.460,53 euros) a prol da asociación en concepto de achega única
980/2024	23-08-2024	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización LMRREPARO SUSPENSIVO- ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER CEIP DE SIGRÁS. FASE O. CURSO ESCOLAR 2022/2023, de data 05.08.2024 Aprobar a conta xustificativa presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester-Sigrás, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022-2023, segundo o establecido no apartado 7.1) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de vinteun mil oitocentos setenta e tres euros con sete céntimos (21.873,07 euros) a prol da Asociación, en concepto de achega única
981/2024	23-08-2024	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal, no seu informe de fiscalización LMR- REPARO SUSPENSIVO - ANPA FENDETESTAS DO CEIP W. FDEZ FLÓREZ. FASE O. CURSO ESCOLAR 2022/2023, de data 06.08.2024 Aprobar a conta xustificativa presentada pola ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, do cumprimento do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2022/2023, en relación ao pagamento da primeira e segunda achegas, segundo o establecido nos apartados 8.1) e 8.2) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de vinte e oito mil oitocentos vinte euros (28.820,00 euros) a prol da ANPA, en concepto de primeira achega e por importe de mil trescentos euros (1.300,00 euros), en concepto de segunda achega
982/2024	23-08-2024	Alta no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia, omisión e nacemento e autorizar os trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovación da inscrición no padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e comprobación da residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea, correspondentes ao mes de abril 2024
983/2024	23-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 27 de agosto de 2024
984/2024	23-08-2024	Declaración do cese por xubilación voluntaria do funcionario de carreira don MFFV con efectos do 23 de agosto do 2024

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local do 6 de agosto de 2024

- Adxudicación do lote 1 “Servizo de espectáculos de música en directo de cinco grupos artísticos” e adxudicación do lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024.

Adxudicatario do lote 1: ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L. no prezo ofertado de 49.900,00 euros sen IVE (60.379,00 euros IVA incluído), por ser o único licitador que presentou oferta e cumprir esta co disposto no PCAP.

Adxudicatario do lote 2: TECYL, S.L., no prezo ofertado de 56.945,00 € sen IVE, 68.903,45 € (IVE incluído), e cunhas melloras na sonorización de 4 monitores de chan a maiores dos 6 esixidos e 4 técnicos a maiores do persoal esixido, por ser a oferta mellor valorada e cumprir esta co disposto no PCAP.

3.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:37:33 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900005542 o día 26 de agosto de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:37:36 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Dende o Partido Popular vemos como nos últimos meses non se está levando a cabo un correcto mantemento das nosas rúas, en concreto na zona do Temple onde proliferan plantas e herbas, algunhas de tamaño considerable e que fomentan unha imaxe degradada e de abandono da zona. Por tanto dende o PP solicitamos que se limpen as beirarrúas, que como se poden ver nas fotografías están cheas de herbas, isto prodúcese a miúdo polo que solicitamos tamén que se aumente a frecuencia das limpezaas en todo O Temple, pero en concreto o problema agrávase na rúa Constitución entre os números 28 e 32, na praza interior da rúa Emilio Pardo Bazán, nas escaleiras da rúa Ramón Cabanillas, no final da rúa Curros Enríquez (despois do número 41) e no paseo marítimo do Temple. Achéganse fotografías para a comprobación do estado das rúas.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:38:51 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

“Dende o Partido Popular rogamus que leven a cabo as súas competencias en materia de limpeza e mantemento das vías e das rotondas do noso Concello, como son a rotonda dos Campóns na DP- 1702 ou a rotonda do centro de Cambre situada no cruzamento da AC-214 e DP-1702, entre outras.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:43:43 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Tendo en conta o que aconteceu no Rock in Cambre onde un home baixo presuntamente os efectos do alcohol intimidaba a xente levando unha machada e un coitelo, como mínimo deberíase de depurar responsabilidades ao non haber ningún policía local de Cambre.

Merecen vostedes unha forte reprimenda por parte da xente que levou un susto gratuitamente.

Señor concelleiro hai actos delictivos que precisan dunha pronta actuación e o que aconteceu foi un claro deixamento de funcións pola súa parte, esa inmediatez na maioría das veces a proporciona o policía local.

Noutros concellos contratan persoal de vixilancia privada ou inclusive pódese pedir axuda a outros concellos cando son actos con gran concentración de persoas.

A presenza nas rúas ou nos grandes eventos da Policía cumpre un claro labor de prevención. Lamentamos que vostede estea ao fronte da seguridade de todos nós, hai un asunto xa xudicializado pero a maiores, agora, os cartos que si hai para outros mesteres parece que nin o hai nin o haberá para garantir a seguridade de ninguén.

A vida non está para facer experimentos con ela e menos coa seguridade ou a vida dos demais. Deberían de haber pedido desculpas polos feitos como un acto de humildade de quen vela pola integridade e seguridade de todos nós. Equivocarse na vida é doado aprender dos erros as veces ocorre pero pedir perdón enaltece a quen se sente un peón máis da vida.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

Cando son as once horas e cincuenta minutos a Sra. alcaldesa solicítalle á Sra. Piñeiro Fernández que abandone o salón de sesións, e pide que conste en acta que está interrompendo, ao que a Sra. Piñeiro Fernández responde solicitando que conste en acta que non é así.

(Neste intre abandona o salón de sesións a Sra. Piñeiro Fernández)

Cando son as once horas e cincuenta e un minutos a Sra. alcaldesa solicítalle á Sra. Espiñeira Galán que abandone o salón de sesións.

(Neste intre abandona o salón de sesións a Sra. Espiñeira Galán)

Cando son as once horas e cincuenta e tres minutos a Sra. alcaldesa dá paso aos rogos do PSdeG-PSOE.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900005546 o día 26 de agosto de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego, din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:53:04 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«Segundo a información publicada no folleto 'Novas de Cambre' onde di: “A alcaldesa consegue pagar máis de 3,5 millóns de euros en facturas pendentes”, entendemos que foi o concello quen realizou os pagos. Máis aló desta puntualización:

Rogamos nos detalles os pagos realizados e os que quedan por pagar.»

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:54:56 horas

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

“Tras o tempo transcorrido sen ter ningún tipo de noticia acerca dos avances realizados nos distintos contratos de servizos básicos tan necesarios para o benestar dos nosos veciños e veciñas.

Rogamos se realice un seguimento deles e déase traslado á corporación de maneira periódica.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:55:42 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Están a contactarnos veciños que non poden levar a cabo obras, modificacións nin reformas, ao non poder obter as licenzas necesarias, debido á falta de técnicos dispoñibles no departamento de Urbanismo. Por isto, desde o Partido Socialista de Cambre, rogamus que se solucione este problema con urxencia, xa que os veciños non poden depender dunha ou dúas persoas para realizar traballos que, en moitos casos, son urxentes e necesarios.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGO DO BNG PRESENTADO POR ESCRITO

Rexistrado de entrada ao núm. 202499900005544 o día 26 de agosto de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcrito din:

Único rogo - Acceso á videoacta – 00:58:28 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Rogamos a pegada de información nos colectores de lixo para animar á veciñanza ao seu bo uso.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900005545 o día 26 de agosto de 2024, xunto coa pregunta presentada para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:01:16 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.



“Rogamos se faga unha campaña ao inicio do curso para dar a coñecer á mocidade as casas da xuventude como espazos de espaxamento.”

O Sr. López Saborido contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:02:20 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“A rúa Samosteiro presenta deficiencias no firme que cada vez acrecéntanse xa que se trata dunha vía estreita pero moi transitada a diario tanto por vehículos como por viandantes, posto que se encontra a escasos 100 metros do concello.

Motivo para rogar que sexa reparada coa maior brevidade posible.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:03:03 horas

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío.

“Dadas as situacións que estamos a vivir relacionadas co incremento de consumos de drogas en diferentes zonas do concello. Situación que por desgraza repítese en xeral.

Rogamos se plantee facer campañas de prevención ou educativas.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo. Intervén o Sr. Varela Fraguío.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS ORALMENTE

1º rogo oral - Acceso á videoacta – 01:05:28 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula o seguinte rogo:

Di que o rogo sería sobre a limpeza das marquesiñas e que tamén queren incluír, neste caso, esas vitrinas con cristais onde se poñen os anuncios do concello; que di isto porque dependendo de onde estean situadas o verdello impide ler o cartel que está dentro, co cal xa é unha parvada poñer o cartel. Di que o tema das marquesiñas, que ela cre que levan cerca dun ano, quizais, pedíndoo; que non entenden, de verdade; e pide que se busque a solución “x”, dálles igual, pero que teñen que estar limpas, é dicir, a xente ten que poder mirar para fóra e poder parar un autobús.

Conclúe dicindo que rogan que á maior brevidade, por calquera vía de urxencia, se solucione iso.

2º rogo oral - Acceso á videoacta – 01:06:27 horas

A Sra. Prieto Miramontes formula o seguinte rogo:

Di que non funciona o streaming, cousa que lamentan unha vez máis, porque ela trae aquí un exemplar que todo o mundo coñece, que se chama ‘Novas de Cambre’; e que sobre o panfleto que se chama ‘Novas de Cambre’ xa trouxeron a distintas xuntanzas regradas ou non, a súa eliminación, pois é claramente propaganda política e

campaña para un partido, UxC; que o título di 'Novas de Cambre', pero que curiosamente non se relata a verdadeira situación do concello, famoso en todas partes pola súa paralización, ineficacia, pobreza municipal.

Di que rogan que se paralice dunha vez a súa elaboración e difusión polas razóns expostas.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:07:29 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005542 o día 26 de agosto de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:07:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Nestas semanas temos recibido queixas de que os pagos pendentes ás asociacións e aprobados nos plenos anteriores, aínda non se realizaron, por tanto dende o PP queremos saber: Cando van a facerse efectivos os pagos ás asociacións, das subvencións pendentes?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:08:31 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Dende o Partido Popular queremos saber: Que pasou este ano coas camisetas do Rock in Cambre que nin antes nin no propio día do evento, había camisetas para vender?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:09:18 horas

Lee a pregunta o Sr. Vázquez Pérez.

“Con que cartos pagaron o pseudo xornal de 'Novas de Cambre' de agosto 2024 que estamos a recibir os veciños novos e non novos?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005546 o día 26 de agosto de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego, din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:09:47 horas



Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Debido á proximidade do comezo do novo curso escolar queremos saber en que situación se atopan os pregos do contrato de limpeza de edificios públicos, centros escolares e centro de saúde.”

A Sra. Pan Matos contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:10:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Cal foi a actuación máis efectiva segundo os datos observados no Rock in Cambre: o Punto Violeta implementado este ano ou o protocolo "Chámome Ana" utilizado o ano pasado?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:11:52 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“En que situación está a implementación das colonias felinas no noso concello.”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900005544 o día 26 de agosto de 2024, xunto co rogo presentado para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:13:11 horas

Lee a pregunta o Sr. Carballada Rodríguez.

“Cales foron os motivos técnicos para cancelar a carreira popular do 15 de agosto?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:13:41 horas

Lee a pregunta o Sr. Cubeiro Fernández.

“En que situación está o proceso de contratación das actividades vinculadas ás bibliotecas (Moucho Leroucho, clubs de lectura, ...)?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

PREGUNTA DE AV PRESENTADA POR ESCRITO

Rexistrada de entrada ao núm. 202499900005545 o día 26 de agosto de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcrita di:



Única pregunta - Acceso á videoacta – 01:14:14 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Cando se van repoñer os valos da pista do paseo marítimo do Temple?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

PREGUNTA DO BNG PRESENTADA ORALMENTE

Única pregunta oral - Acceso á videoacta – 01:14:39 horas

O Sr. Carballada Rodríguez formula a seguinte pregunta:

Di que dende o BNG traen esta pregunta a pleno, loxicamente con carácter sobrevido, e tamén co pouso que dá ser unha forza política, que xa o teñen manifestado moitas veces, que non pon nunca en solfa, o xogo xustamente de maiorías que hai no pleno. Di que eles téñeno dito moitas veces; que se polo que sexa falta algún concelleiro, algunha concelleira, e pode variar algunha votación, a eles nada lles gustaría menos que se subvertera o normal desenvolvemento e a vontade democrática que se plasma a través dos concelleiros no pleno.

Di que procede á pregunta; que unha vez coñecida a vontade maioritaria do Pleno municipal do día de hoxe de non declarar festivo o 16 de agosto de 2025, e diante da data tope fixada pola Xunta de Galicia para a declaración dos dous festivos locais preceptivos, o 1 de setembro, di que preguntan que tiña pensado facer o equipo de goberno diante desta situación.

A Sra. alcaldesa di que se contestará por escrito.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e dezaseis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo